



## **CONDICIÓN PARTICULARES DAS BOLSAS PARA A FORMACIÓN EN PRÁCTICAS DE TITULADOS UNIVERSITARIOS EN TEMAS RELACIONADOS CO COMERCIO EXTERIOR (2009)**

### **1.- Obxecto:**

O obxecto da convocatoria efectuada pola Fundación Galicia Europa (FGE) é a realización de prácticas formativas nas súas dependencias de Santiago de Compostela e Bruxelas, de maneira que se permita unha aplicación efectiva dos coñecementos teóricos posuídos sobre comercio internacional e a súa particular incidencia en Galicia.

O desenvolvemento de dúas destas bolsas terá lugar na sede de Santiago de Compostela, concedéndose as outras tres para a súa realización na oficina que a Fundación ten en Bruxelas. Para este fin os beneficiarios que resulten seleccionados no proceso de selección poderán expresar, nun primeiro momento, a súa preferencia polo lugar de desfrute da bolsa. Esta preferencia terase en conta, sen prexuízo da potestade da Fundación Galicia Europa de valorar a idoneidade dos candidatos para calquera dos destinos, en función dos coñecementos lingüísticos e da formación académica acreditada polo solicitante ou das necesidades de servizo da Fundación Galicia Europa.

Unha vez asignado o destino, este soamente poderá ser modificado en función das necesidades da Fundación Galicia Europa.

As prácticas realizaranse baixo a orientación do persoal técnico da FGE e perseguirán a familiarización funcional de cada titulado universitario en prácticas co traballo desenvolvido polo Centro de Negocios da FGE, adecuándose ás liñas de actividade desenvolvidas pola FGE en interese de Galicia.

A estadía de prácticas outorgarase por un período que abarcará do 15 de xaneiro ao 15 de decembro de 2009. Os titulados universitarios en prácticas poderán gozar dun máximo de 3 semanas de vacacións durante o mes de agosto. Os períodos vacacionais solicitados deberán contar coa autorización do/da Director/a, quen se reserva o dereito de modificalos en función das necesidades da oficina.

O período vacacional outorgado durante as estadias de prácticas non dará dereito a ningunha compensación económica no caso de que estas non se disfrutasen por causa de renuncia á práctica ou por calquera outra razón, ben sexa tanto por decisión do beneficiario como da Fundación Galicia Europa.

### **2.-Aceptación da estadía de prácticas e comprobación da documentación:**

No prazo de cinco días naturais seguintes ao da recepción da comunicación de adxudicación da bolsa de prácticas por parte da FGE, o candidato preseleccionado deberá comunicar por escrito a súa aceptación ou renuncia á mesma.

Unha vez comunicada a aceptación, para adquirir a condición de titulado universitario en prácticas, cada preseleccionado acreditará documentalmente os datos, méritos e titulacións esixidos na convocatoria pública e os que referira na súa solicitude ou Curriculum Vitae no prazo de dez días naturais seguintes a dita aceptación. Para o seu cotexo simple os documentos amosados deberán ser orixinais ou copias compulsadas. No caso de non acreditar convenientemente todos os datos, méritos e titulacións revocarase a proposta efectuada.

Así mesmo, cada preseleccionado acreditará que posúe un seguro médico, ben sexa público ou privado, válido en calquera Estado membro da Unión Europea e en virtude do cal poderá ter acceso á atención sanitaria necesaria por calquera contingencia de saúde que puidera acaecerlle durante o período de desfrute da estadía de prácticas.

*fundación*

### **3.- Importe e aboamento da estadía de prácticas:**

A bolsa de prácticas estará dotada cunha contía bruta de 11.000,00 euros para os destinados en Santiago de Compostela e de 13.160,00 euros para aqueles destinados en Bruxelas coa finalidade de axudar a sufragar os gastos de aloxamento e manutención. Dita contía estará suxeita ás retencións fiscais determinadas pola normativa vixente de aplicación e será fraccionable e aboada en once mensualidades, mediante transferencia bancaria dirixida á conta que indique o beneficiario.

Previa solicitude xustificada do beneficiario, a FGE poderá anticiparlle ata o importe de dúas mensualidades, efectuando durante os meses seguintes as compensacións precisas.

A FGE aboará o importe de 400,00 euros como axuda complementaria a aqueles titulados universitarios en prácticas que vaian realizar a súa formación en Bruxelas, en concepto de viaxe de ida e volta dende o seu lugar de residencia. A FGE non aboará cantidade adicional algunha por outros conceptos, aínda que correrá cos gastos de transporte, aloxamento e manutención nos casos en que, a petición da FGE, o titulado universitario en prácticas deba realizar desprazamentos temporais a outras localidades distintas respecto de onde estivese emprazada a oficina de base para a realización das prácticas, sen exceder en ningún caso o nivel do baremo de dietas aplicado pola FGE que lles corresponda, sen prexuízo dos acordos aos que a Fundación poida chegar coas empresas, asociacións de empresas ou consorcios de empresas que requiran os seus servizos.

### **4.- Relación xurídica:**

A relación xurídica entre o adxudicatario e a FGE terá exclusivamente carácter civil, ao amparo do principio de liberdade contractual inferido dos artigos 1.254 e seguintes do Código Civil español, e singularmente do seu artigo 1.255.

A concesión da estadía de prácticas non supón o establecemento nin o recoñecemento de vínculo algún de carácter profesional, laboral, mercantil, estatutario ou análogo entre o adxudicatario e a FGE.

A FGE non asumirá responsabilidade algunha polos danos e prexuízos de calquera orden que puidese provocar o titulado universitario en prácticas en tanto non se adecúe ás orientacións e consellos do persoal técnico.

A mera presentación da solicitude asinada para a participación no procedemento de selección descrito na presente convocatoria comportará a plena, voluntaria, libre e irrestrita aceptación do presente documento de condicións particulares, así como de todas as cláusulas da mesma. A interpretación de todo isto realizarase de conformidade coas regras hermenéuticas previstas nos artigos 1.281 e seguintes do Código Civil español.

### **5.- Compromisos e obrigas do licenciado en prácticas:**

Ademais das obrigacións xerais que impón a normativa de réxime interno da FGE e o bo uso das súas instalacións e equipos, así como das singulares que se puidesen inferir da convocatoria e as presentes estipulacións, o titulado universitario en prácticas deberá acatar lealmente e de boa fe as seguintes obrigas especiais:

- Facilitar á FGE os datos e documentación que se lle esixan para o cumprimento do expediente da estadía de prácticas e garantir en todo momento a veracidade dos datos e documentos aportados ou solicitados.
- Finalizar o período de prácticas con aproveitamento, elaborando unha memoria final ao respecto. Se por calquera circunstancia o adxudicatario decide renunciar á bolsa no curso do desfrute da mesma, deberá comunicalo á Dirección da Fundación Galicia Europa por escrito e na maior brevidade posible, estando, en todo caso, obrigado a presentar a memoria final anteriormente mencionada.

- Non beneficiarse doutra axuda durante o período de desfrute da bolsa da FGE.
- Comunicar inmediatamente as causas de non asistencia ou impuntualidade. En caso de enfermidade, cumprimento de deberes públicos ineludibles ou relevantes circunstancias familiares deberá facilitarse xustificación documental.
- Gardar a debida reserva e confidencialidade sobre os asuntos dos que tivera coñecemento, velar pola custodia dos documentos de traballo que se lle confiasen e preservar o bo nome da Fundación.

En caso de incumprimento dos compromisos e obrigas recollidas neste apartado, a FGE poderá decidir a resolución da estada de prácticas e/ou demandar o reintegro total ou parcial das cantidades satisfeitas ata o momento. En calquera caso, a non finalización dos meses de prácticas concedidos comportará a devolución, por parte do beneficiario, da contía equivalente a media mensuralidade de bolsa. Para a determinación do importe a reembolsar tomarase como referencia a contía correspondente a un mes completo de bolsa.

#### **6.- Solución de diferenzas e foro xurisdiccional:**

Se o titulado universitario en prácticas mantivera diferenzas coa FGE trala resposta que conclúise esta ao asunto de que se trate, remitirá un escrito detallado á Dirección da mesma indicando as causas da súa diverxencia e a fundamentación xurídica na que sustentara a súa postura.

A Dirección solicitará os informes técnicos e/ou xurídicos que estimara precisos para formar o seu criterio e á vista deles resolverá o que fora axustado a Dereito e acorde cos seus fins fundacionais, nun prazo non superior a un mes, cabendo unha prórroga de ata quince días naturais se a complexidade do tema o as obrigas da Dirección así o requirisen.

Se o titulado universitario en prácticas disentise poderá entón interpoñer a correspondente demanda civil ante os xulgados desa orde xurisdiccional con sede en Santiago de Compostela, sen prexuízo de exercitar calquera outra acción admisible no Ordeamento Xurídico español que estimara acorde aos seus intereses. A FGE dará instrucións ao seu Letrado para recorrer de oficio calquera fallo que non se axustase á interpretación mantida pola súa Dirección sen prexuízo de que un ditame motivado daquel desaconsellase de maneira indubitada proseguir en instancia superior.

E como proba da voluntaria, libre e incondicional aceptación e plena conformidade con todas e cada unha das estipulacións arriba detalladas, o adxudicatario asina o presente documento por duplicado en todas e cada unha das súas follas.